



No Salón de Actos da Casa do Concello, ás trece horas e trinta minutos do dous de decembro de dous mil dezaseis, reuníronse en sesión extraordinaria (á que foron previamente convocados) baixo a presidencia do Sr. Alcalde Don José Ángel Santos Sánchez, os concelleiros Don Mauro Faustino Mourín González, Dona María Isabel García Pacín, Don Jesús Julio Cortiña López, Dona Fátima Iglesias Núñez, Don Juan Carlos Casal Pena, Dona María Josefa Janeiro Vizcaíno, Dona María Ángeles Pilar López López, Don Álvaro Santos Ramos, Don José Antonio Barreiro Villar e Dona María de los Ángeles Martínez Martínez.

Asiste como Secretario o da Corporación, Don Julio González Casanova.

Unha vez aberto o acto polo Sr. Alcalde, seguidamente pasouse a tratar os asuntos incluídos na orde do día da sesión.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- Dáse conta ao Pleno do borrador da acta da sesión extraordinaria, celebrada o vinte e seis de outubro do actual, repartido coa convocatoria. Polo Sr. Alcalde pregúntase aos señores concelleiros se están de acordo coa redacción das actas, ou queren facer algunha alegación ao respecto.

Á vista de que polos señores concelleiros non se desexa formular ningunha cuestión ao respecto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade **ACORDA** prestar aprobación ao borrador da acta da sesión extraordinaria celebrada o vinte e seis de outubro do actual, proclamando o Sr. Alcalde o acordo adoptado.

2.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS.- Dáse conta ao Pleno do expediente de modificación de créditos núm. 15/2016 do estado de gastos do actual exercicio (cuarto da competencia do Pleno) polo importe de 100.000€, para atender aos gastos detallados no expediente, a cargo da Corporación, empregando como recursos para o seu financiamento o remanente de tesourería, conforme se detalla no mesmo:

a) **Concesión de créditos extraordinarios (Aplicacións non dotadas no Orzamento)**

Aplicación Orzamentaria	Fins aos que se destinan os créditos e causas da súa necesidade	CONSIGNACIÓN
		Euros
933-632	Financiar os honorarios da redacción do proxecto denominado: Obras de rehabilitación do edificio do Centro Socio Cultural de Friol (inversión financeiramente sostible).	12.598,42.-
<u>Total créditos extraordinarios</u>		<u>12.598,42.-</u>



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

b) Suplementos de crédito (Aplicacións dotadas insuficientemente)

Aplicación Orzamentaria	Consignación antes deste expediente	Aumento que se propón	Total consignación resultante	FINS AOS QUE SE DESTINAN OS NOVOS CRÉDITOS E CAUSAS DA SÚA NECESIDADE
1623-227.00	90.089,78.-	14.000,00.-	104.089,78.-	Gastos relativos á mellora da calidade de vida en xeral da política de gasto de Benestar Comunitario, en especial o tratamento de residuos, pois houbo un incremento desde o mes de xaneiro e tamén na xestión de voluminosos e aspirado e traslado de lodos para o seu tratamento. Mellora da calidade de vida en xeral.
1621-227.00	99.211,84.-	8.000,00.-	107.211,84.-	Gastos relativos á mellora da calidade de vida en xeral da política de gasto de Benestar Comunitario, en especial a recollida de residuos, pois houbo un pequeno incremento na recollida de voluminosos e ao mesmo tempo neste exercicio pagamos a facturación do mes de decembro do 2015 da empresa adjudicataria do servizo, por un retraso na presentación da mesma.
165-210	5.000,00.-	5.000,00.-	10.000,00.-	Reparación, mantemento e conservación das infraestruturas de alumeados públicos, dentro da política de gasto de Benestar Comunitario. Trátase do mantemento dun servizo público básico para mellorar a calidade de vida dos veciños.
231-227.00	183.570,80.	47.401,58.-	230.972,38.-	Incremento do número de horas prestadas as persoas dependentes do servizo de axuda a domicilio, pois iniciamos o ano con 1.389 horas mensuais, e a día de hoxe estamos prestando un servizo mensual de 1.749 horas, coa posibilidade de incrementalas antes de finalizar o ano en 122 horas máis, o que supón un aumento do 37,40 %, do que se benefician máis de sesenta usuarios. Atención ao servizo sociais e a promoción social, tipificada no grupo de programas 231 denominado Asistencia social primaria. Necesidades especiais.
338-223	23.000,00.-	1.500,00.-	24.500,00.-	Política de Gasto de Cultura, especialmente na promoción cultural, actividades culturais e recreativas, festas de carácter popular, etc., nas distintas aplicacións, en algún momento foi utilizada a vinculación xurídica, e co fin de equilibrar a bolsa de vinculación, dótanse as dúas aplicacións indicadas. Elevación ou mellora da calidade de vida.
334-226.09	25.000,00.-	10.000,00.-	35.000,00.-	
920-221.03	17.000,00.-	750,00.-	17.750,00.-	Política de Gasto de Servizos de carácter xeral, especialmente na Administración Xeral, trátase de servizos que serven a todos os demais da Entidade Local, como neste caso son os gastos correntes en bens e servizos da Política de Gasto indicada: Combustibles e carburantes e comunicacións postais. Funcionamento dos servizos de carácter xeral.
920-222.01	8.000,00.-	750,00.-	8.750,00.-	
Total suplementos		87.401,58.-		



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

RESUMO:

Total dos créditos extraordinarios..... 12.598,42.-

Total dos suplementos de crédito..... 87.401,58.-

IMPORTE TOTAL DA OPERACIÓN..... 100.000,00-

Á vista do actuado e da documentación obrante no expediente, do disposto na lexislación aplicable (Real Decreto lexislativo 2/2002 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais), propónse a adopción do acordo de aprobación polo Pleno, en canto órgano competente. Logo da exposición da proposta polo Sr. Alcalde, procedeuse ao turno de intervencións e concluído o mesmo, procedeuse á votación. O Pleno do Concello, en votación ordinaria e por oito votos a favor (do Sr. Alcalde e dos concelleiros do Grupo Popular) e con tres abstencións (dos concelleiros do Grupo Socialista) **ACORDA:**

- Prestar aprobación á proposta de modificación de créditos, coas cantidades que deben ser aplicadas ás aplicacións orzamentarias do estado de gastos que se reflicten no expediente.
- Que se continúe coa súa tramitación, cumprindo o trámite de información pública, a efectos de exame e presentación de reclamacións, por un prazo de quince días, mediante inserción de edictos no Taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia.
- Que de non presentarse reclamacións no período de exposición ao público, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional. No caso de presentarse, resolveranse polo Pleno.
- Unha vez aprobado definitivamente o expediente de modificación de créditos, publicarase no Boletín Oficial da Provincia o resume do Estado de Gastos por capítulos do presuposto, resultante das modificacións propostas.

Unha vez que se procede á votación, polo Sr. Alcalde proclamouse o acordo adoptado, agradecendo á abstención aos concelleiros do Grupo Socialista.

Con anterioridade á votación procedeuse ás intervencións. Comeza coa exposición do Sr. Alcalde, na que se describen as modificacións propostas, segundo consta no expediente e que se resumen en:

- Dotación complementaria da política de gasto de Benestar Comunitario, en especial o tratamento de residuos, pois houbo un incremento desde o mes de xaneiro e tamén na xestión de voluminosos e aspirado e traslado de lodos para o seu tratamento, polo importe de 14.000€.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

- Dotación complementaria para a política de gasto de Benestar Comunitario, en especial a recollida de residuos, polo incremento na recollida de voluminosos e polo pago neste exercicio da facturación do mes de decembro do anterior, por retraso na presentación pola empresa adjudicataria, polo importe de 8.000€.
- Reparación, mantemento e conservación das infraestruturas de alumeados públicos, na política de gasto de Benestar Comunitario, polo importe de 5.000€.
- Na política de gasto de servizos sociais e promoción social, como consecuencia do incremento do número de horas prestadas aos dependentes do servizo de axuda a domicilio, e coa posibilidade de incrementalas aínda mais antes de finalizar o ano. A administración autonómica financia unha parte importante do servizo, pero como o seu pago e a trimestre vencido e non se coñece a día de hoxe a cantidade exacta, supléntase o crédito para facer fronte á facturación da empresa adjudicataria do servizo, polo importe de 47.401,58€.
- Na política de gasto de Cultura, especialmente na promoción cultural, actividades culturais e recreativas, festas de carácter popular, etc., nas distintas aplicacións, xa que en algún momento foi utilizada a vinculación xurídica, e co fin de equilibrar a bolsa de vinculación, dótanse as aplicacións 338-223 e 334-226.09, polos importes de 1.500€ e 10.000€, respectivamente.
- Na política de gasto de servizos de carácter xeral, especialmente na Administración Xeral, para gastos correntes en bens e servizos, nas aplicacións 920-221.03/222.01, polos importes de 750€ e 750€, respectivamente.
- Crédito extraordinario para financiar os honorarios da redacción do proxecto das Obras do edificio do Centro Socio Cultural de Friol, polo importe de 12.598,42€.

Despois da intervención do Sr. Alcalde, o concelleiro do Grupo Socialista Sr. Santos Ramos, pide que se aclare no referente á promoción cultural, a que obxecto concreto responde a necesidade do incremento, se é para actividades xa desenvolvidas ou a desenvolver no que queda de exercicio, e neste caso a previsión das mesmas.

O Sr. Alcalde responde que se trata de diferentes actos que se foron desenvolvendo ao longo do ano de carácter cultural e deportivo. En concreto di que non había previsión para a festa da Xuventude, que despois de varios anos sen facerse, fíxose este ano de novo, e que supuxo un custe a maiores nestas partidas. Neste momento non sabería especificar a que mais actos se refire, que se viñeron organizando ao longo do ano.

O concelleiro Sr. Santos Ramos di que a postura do seu grupo, será a de abstención, agradecendo a mesma o Sr. Alcalde. Coa súa intervención, cérrase o



debate e procédese á votación no senso anteriormente indicado, proclamando seguidamente o acordo adoptado.

3.- PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO DO CONCELLO DE FRIOL.- Dáse conta ao Pleno de que, á vista da aprobación da liquidación do Presuposto do exercicio 2015 e do informe emitido pola Secretaria- Intervención, púxose de manifesto a necesidade da elaboración dun Plan Económico Financeiro, como consecuencia do incumprimento do obxectivo da estabilidade orzamentaria. No mesmo, fíxose constar que á vista do exposto no mesmo, non sería necesaria a adopción de ningún tipo de medida, xa que a situación que motivou o incumprimento, correxiuse pola aprobación do orzamento para 2016, cumprindo co principio de estabilidade orzamentaria. De conformidade co establecido no art. 21 e 23 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, o Pleno na sesión do 30 de xuño do actual, adoptou ao respecto o acordo de aprobación do Plan Económico Financeiro do Concello, nos termos que constan no documento anexo e que se consideran parte integrante do acordo, dando traslado do mesmo, e procedendo á súa publicación, do mesmo xeito que o establecido pola lexislación reguladora das facendas locais, para os presupostos, publicando anuncio no Boletín Oficial da Provincia núm. 165, de data 19 de xullo do actual, a efectos exclusivamente informativos e poñendo o mesmo a disposición do público.

Con posterioridade, o 21/10/2016 recibíuse dende a Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro, da Consellería de Facenda, comunicación na cal se recordaba a este Concello a obriga de que o PEF debía ter unha vixencia de dous anos, é dicir un horizonte temporal 2016-2017, aínda que o mesmo non se contemple ningunha medida estrutural, así como a súa posterior remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a través da plataforma habilitada para estes efectos e á Dirección Xeral de Política Financeira e do Tesouro, como órgano de tutela financeira.

Á vista das consideracións da Dirección Xeral, sobre a aprobación dun PEF co horizonte temporal 2016-17, coa finalidade é de establecer un marco de estabilidade e crecemento, sen prexuízo de que non sexan precisas medidas estruturais, deberá someterse ao Pleno do Concello a aprobación da modificación do Plan Económico Financeiro. Á vista do exposto e da documentación obrante no expediente, despois de un breve turno de intervencións, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade **ACORDA:**

- **PRIMEIRO.** Aprobar as modificacións efectuadas no Plan Económico Financeiro, aprobado polo Pleno do Concello, na sesión de 30-06-2016, modificacións que se refiren ao período 2016 - 2017, nos termos que



constan no documento anexo e que se consideran parte integrante do presente acordo.

- **SEGUNDO**.- A remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a través da plataforma habitada para estes efectos, así como á Dirección Xeral de Política Financeira e do Tesouro, Subdirección Xeral de Entidades Financeiras e Corporacións Locais, en canto órgano de tutela financeira.
- **TERCEIRO**.- Publicar o mesmo, do mesmo xeito que o establecido pola lexislación reguladora das facendas locais, para os presupostos do concello, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos exclusivamente informativos e poñendo o mesmo a disposición do público.

Con anterioridade á votación procedeuse ao turno de intervencións. O Sr. Alcalde expón o mesmo, dicindo que no aprobado o 30 de xuño non figuraba un horizonte temporal, xa que a situación ven dada pola utilización do remanente no 2015, e correxiuse coa aprobación do presuposto para 2016. Seguidamente dille ao Secretario se quere engadir algo ao respecto. A vista da solicitude do Alcalde, polo Secretario, dise que ao tratarse de unha situación coxuntural e non ter o incumprimento carácter estrutural, entendendo correxida a situación pola aprobación do presuposto, procedeuse á aprobación do Plan Económico Financeiro sen contemplar unha vixencia a 2 anos, do mesmo xeito que se fixo en outros concellos en situacións similares. Conclúe que, non obstante, para atender ao requerimento recibido, procedeuse a dar unha nova redacción ao documento do Plan Económico Financeiro, que hoxe se somete á aprobación do Pleno.

A continuación intervén o concelleiro do Grupo Socialista, Sr. Santos Ramos. Di que non se opuxeron no seu día á aprobación do Plan, e tampouco van facelo hoxe, polo tanto votarán a favor da proposta. Non obstante, non quere que pase a oportunidade de advertir sobre o rigor na planificación da execución dos orzamentos, para non chegar a estas situacións, que derivan en moitas ocasións da rigurosidade e da irrealidade das normas que marcan outras administracións. Engade que en moitas ocasións hai imprevisión na execución dos orzamentos, poñendo como exemplo o tratado no punto anterior, no que se aprobou a modificación de créditos. Engade que a el non lle gusta o tema do teito de gasto e outras condicións, que na súa opinión van en contra da autonomía local. Non obstante, hai que ser consciente, consecuente e riguroso na execución do gasto, non ir executando e logo habilitar crédito.

O Sr. Alcalde di que comparte o exposto polo concelleiro Sr. Santos Ramos sobre o teito de gasto e o resto das consideracións expostas. Non obstante, hai que dar cumprimento ao imposto por organismos superiores. Á vista de que polos señores concelleiros non se desexa facer mais intervencións ao respecto, polo Sr. Alcalde cérrase o debate e procédese á votación no senso anteriormente indicado,



agradecendo a votación aos concelleiros do Grupo Socialista o seu voto a favor, e proclamando seguidamente o acordo adoptado.

4.- RATIFICACIÓN NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NO CONSELLO ESCOLAR DO C.P.I. DOCTOR LÓPEZ SUÁREZ.

- Dáse conta ao Pleno de escrito remitido polo C.P.I. Doctor López Suárez, solicitando designación do representante do Concello de Friol para formar parte como membro de dereito no Consello Escolar deste Centro, en cumprimento do disposto no artigo 33 do Decreto 92/1988, de 28 de abril, segundo a nova redacción dada polo Decreto 324/1996, de 26 de xullo.

Á vista dos representantes en órganos colexiados nomeados por acordo do Pleno do Concello no mes de xuño de 2015, ao inicio da actual lexislatura e non habendo razóns que aconsellasen o seu cambio, considerouse axeitado que continúe a representante no seu día nomeada. Á vista do prazo a que se refiere o escrito do C.P.I., remitiuse a proposta aprobada pola Xunta de Goberno, na sesión celebrada o 14 de novembro do actual, dando conta ao Pleno do Concello na primeira sesión que se celebra aos efectos oportunos.

Polo Sr. Alcalde propónse ao Pleno, a ratificación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno, polo que se procede a designar como representante do Concello de Friol no Consello Escolar do C.P.I. Doctor López Suárez á Concelleira Dona María Josefa Janeiro Vizcaíno.

Á vista do actuado, o Pleno do Concello en votación ordinaria e por oito votos a favor (do Sr. Alcalde e dos concelleiros do Grupo Popular) e con tres votos en contra (dos concelleiros do Grupo Socialista) **ACORDA** a ratificación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, na sesión do 14 de novembro do actual, pola que se procede a designar como representante do Concello de Friol no Consello Escolar do C.P.I. Doctor López Suárez, á Concelleira Dona María Josefa Janeiro Vizcaíno.

Con anterioridade á votación ten lugar o turno de intervencións. Despois da exposición do Sr. Alcalde, o concelleiro do Grupo Socialista Sr. Santos Ramos, comeza dicindo que quere invitar a unha reflexión. O acordo de nomeamento de representantes da corporación, debe adoptarse polo Pleno da Corporación. Neste caso, trátase dunha ratificación, xa que no momento en que debía remitirse non coincidía coa celebración dunha sesión plenaria. Reitera que a celebración das mesmas cada tres meses, dificulta a tramitación de asuntos e a participación dos distintos grupos políticos na toma de decisións. Se a periodicidade da celebración das sesións fora cada dous meses, en lugar de tres, podería coincidir a proposta coa celebración da sesión. Di que esta é unha das razóns polas que votarán en contra. Ademais, e sen querer entrar as cualidades da persoa nomeada para ocupar o posto, que cando menos xa acumula experiencia, engade que o Consello escolar é un órgano de relevancia no ámbito educativo, e que a día de hoxe a situación non é



a mais óptima, polo que o concello non debería limitarse a ratificar o nomeamento dun representante, senón fixarse en obxectivos a maiores, de incentivar, alentar e incrementar o referente á comunidade educativa, tanto no referente ao recinto escolar, mantemento, equipamento, como outras cuestións referentes ao alumnado e profesorado. Conclúe dicindo que se trata de un procedemento válido, pero non o común ou ordinario que se debería seguir.

O Sr. Alcalde responde que toma nota do exposto polo Sr. Concelleiro no referente á periodicidade das sesións plenarias. Pensa que a persoa proposta reúne as condicións óptimas para elo, e así pensa o equipo de goberno, á vista da súa actuación desde hai tempo. Intentarase mellorar os pequenos erros que se poidan cometer, e que siga transmitindo desde o concello as cuestións que sexan de relevancia ao respecto.

Á vista de que polos señores concelleiros non se desexan facer mais intervencións ao respecto, polo Sr. Alcalde céntrase o debate e procédese á votación no senso anteriormente indicado, proclamando seguidamente o acordo adoptado.

5.- VARIACIÓN TRAZADO DE CAMIÑO EN SERÉN.- Dáse conta ao Pleno do expediente incoado a solicitude de Dona Emilia María Valín Roca. Presentou escrito, no que expoñía ser propietaria das fincas no polígono 290 parcelas 2 e 3 e polígono 293 parcela 46, entre as que transcorre o camiño de Serén a Santa Marta, de titularidade municipal. Engade que lindando co camiño existen unhas edificacións de carácter tradicional e algunhas delas están a ser gravemente danadas até o punto de correr perigo de derrubamento polo paso de maquinaria agrícola pesada e outros vehículos de gran tamaño. Solicita a desafectación dun tramo de camiño público e posterior permuta do tramo por unha propiedade privada, segundo plano anexo. O cambio plantéxase coa fin de mellorar a seguridade e funcionalidade viais e protexer o patrimonio de arquitectura tradicional existente na linde do camiño. Adxunta como documentación planos do estado actual e o proposto, memoria descritiva, sinaturas dos veciños e acreditación de titularidade, pregando se someta ao Pleno do Goberno municipal.

Ao respecto emitíuse informe técnico polo arquitecto Sr. López Vázquez, no que despois de analizar circunstancias de índole urbanística e a xustificación da desafectación e da permuta, conclúe dicindo que procede requerir ao interesado para que aporte a documentación técnica xustificativa dos aspectos citados no informe, debéndose, no seu caso, tramitar o correspondente Plan Especial ou Modificación Puntual. Dado que as actuacións se realizarían nun entorno de un elemento catalogado (distancia inferior a 100 metros da Igrexa de Santa Cruz de Serén) e á vista da intención de protexer a arquitectura tradicional do entorno mediante a modificación do trazado do camiño, procedería requerir informe previo do órgano autonómico competente en materia de protección do patrimonio, sobre a viabilidade do expediente e a autorización das obras que conleva a modificación do trazado.



Pola Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, remítuse copia da resolución, na que se di que a intervención para a que se solicita autorización preténdese realizar no contorno de protección da Igrexa parroquial de Santa Cruz de Serén e dun hórreo de mais de 100 anos de antigüedad, resolvendo autorizar o expediente de desafección, co cumprimento das seguintes condicións: no seu momento, o proxecto do novo camiño requerirá autorización previa da Consellería de Cultura.

Coa data 26 de setembro do actual, polo arquitecto, emitiuse informe sobre as circunstancias de índole urbanística e de xustificación da desafección, do que se deu traslado á interesada, por resolución de 28 de setembro do actual, concedendo trámite de audiencia en relación coas actuacións obrantes, poñendo de manifesto o expediente aos efectos de presentación das alegacións e dos documentos e xustificacións que estime pertinentes.

Por Dona Emilia Valín Roca, presentouse escrito, no que prega se proceda á continuación do expediente de desafección do camiño que figura co núm. 270 do Inventario de Bens Municipais. Se se considera imprescindible, prégase asemade que se proceda á redacción dun Plan Especial de Núcleo por parte do concello. Conclúe o escrito solicitando que a modificación do trazado do camiño se inclúa en todo caso, no PXOM para a súa aprobación provisional e definitiva.

Emitiuse coa data 21 de novembro informe polo arquitecto, no que se di que o novo trazado proposto cambia totalmente o que aparece no planeamento vixente, se ben non pode considerarse que os planos de delimitación do solo conteñan un sinalamento de alineacións e rasantes. Dado que a modificación do trazado non é unha mera rectificación, é aconsellable a redacción dun Plan especial, ou ben realizar a desafección unha vez que se altere, no seu caso, o trazado previsto no planeamento xeral en tramitación. Polo tanto, procedería:

- Redactar un plan Especial do núcleo e realizar a tramitación correspondente.
- Ou ben ordear ao equipo redactor do planeamento xeral en redacción, para que altere o trazado do camiño solicitado, atendendo ás razóns de interese xeral expostas e á conveniencia da desafección e permuta. Unha vez aprobado definitivamente o novo planeamento, coa rectificación do trazado, non sería necesaria a redacción de plan especial.

Conclúe dicindo, que aprobado definitivamente o planeamento xeral ou o plan especial, procedería continuar o expediente de desafección e permuta.

Na vixente lexislación do solo, régúlase a figura dos plans especiais, no art. 70 para protexer ámbitos singulares, levar a cabo operacións de reforma interior,



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

coordinar a execución de dotacións urbanísticas e protexer, rehabilitar e mellorar o medio rural. Nos art. 71, 72 e 73 refírese aos plans especiais de protección, de reforma interior e de infraestruturas e dotacións. No que se refire á súa formulación, no art. 74 dise que poderán ser formulados polos concellos, pola administración autonómica, por outros órganos competentes no ámbito urbanístico e polos particulares lexitimados para facelo. A tramitación consiste na aprobación inicial polo órgano municipal competentes, o trámite de información pública, a notificación individual a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados, así como a solicitude dos informes sectoriais e consultas que resulten preceptivos, sen prexuízo do sometemento a avaliación ambiental estratéxica nos casos establecidos. Aprobarase provisionalmente e someterase ao órgano competente de urbanismo para o seu informe preceptivo, e cumprida toda a tramitación esixida aprobarase definitivamente polo concello.

Polo que se refire ao Plan Xeral, aprobouse polo Pleno do Concello en abril de 2013, someténdose seguidamente ao trámite de información pública, audiencia a municipios limítrofes e informes sectoriais. Na data actual, está pendente de cuestións derivadas dos informes sectoriais e unha vez cumprimentadas, deberá procederse a dar resposta ás alegacións presentadas e a aprobación provisional. A documentación do Plan Xeral, a día de hoxe, non está en prazo de información pública nin presentación de alegacións. Non obstante, polo equipo redactor do planeamento, considérase que elo non sería obstáculo para a introdución de algunhas modificacións, por razóns de interese xeral, como a que se deriva do expediente incoado a solicitude de Dona Emilia Valín Roca, que ademais da protección da arquitectura tradicional que se atopa á beira do camiño, mellora a seguridade e funcionalidade con respecto ao vial existente.

De conformidade co disposto no art. 83 da lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, o órgano que corresponda a resolución do procedemento, cando a natureza de este o requira, poderá acordar un período de información pública, a fin que que calquera persoa física ou xurídica poida examinar o expediente, ou a parte do mesmo que se acorde

Á vista do actuado, en orde á racionalización e e axilidade na xestión administrativa e á adecuación aos fins que se perseguen, reducindo trámites e gastos para os interesados no expediente, propónse ao Pleno do Concello a aprobación da seguinte proposta:

- Aprobar a inclusión na documentación do Plan Xeral de Ordenación Municipal en tramitación, a modificación de trazado de camiño de Serén a Santa Marta, proposta por Dona Emilia Valín Roca.
- Que se somete ao trámite de información pública, mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia, para que no prazo de un mes, a partir do seguinte ao da data da publicación, calquera persoa física ou xurídica poida



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

examinar o expediente. Os anuncios publicaranse ademais no taboleiro e na web do Concello.

- Unha vez que se remate a tramitación do planeamento e se aprobe definitivamente o Planeamento Xeral, no que se recolla a devandita modificación someterase á consideración do Pleno do Concello, en canto órgano competente, a desafectación e permuta co camiño que figura co núm. 270 do Inventario de Bens Municipais, de conformidade coa tramitación establecida na lexislación vixente ao respecto, así como a autorización preceptiva da administración autonómica, competente en materia de protección do patrimonio, ao atoparse o ámbito da actuación no contorno de protección da Igrexa e de un hórreo con mais de 100 anos de antigüedad.
- Dar traslado do presente acordo á Dona Emilia Valín Roca, aos efectos oportunos

Unha vez exposta a proposta polo Sr. Alcalde, concluíndo que lle parece a mais axeitada en relación coa solicitude presentada, o concelleiro do Grupo Mixto Sr. Santos Ramos di que o seu Grupo está de acordo, polo que votarán a favor da mesma. Á vista de que polos señores concelleiros non se desexan facer mais intervencións ao respecto, á vista do actuado e das consideracións ao respecto, o Pleno do Concello en votación ordinaria e por unanimidade **ACORDA** prestarlle aprobación.

O Sr. Alcalde agradece ao Grupo Socialista o seu voto a favor, e seguidamente proclama o acordo adoptado.

E non sendo outro o obxecto do presente acto, á vista de que non hai mais asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión, sendo ás trece horas e cuarenta e cinco minutos da data ao principio indicada, de todo o que que eu, Secretario do concello, redacto a presente acta e dou fe.